

A CASA ABANDONADA

Realmente estaba feita unha porcallada. A casa, non a princesa. A princesa parecía limpiña ou, polo menos, debía ter moi limpa a conciencia, porque durmía como un bebé.

Pola contra, a casa estaba envolta nunca nube de po, as plantas medraban libres por todas as partes, os paxaros aniñaban enriba dos armarios, as serpes asomaban polos buratos das paredes. Sen parate a buscar moito, podías atopar calquera bicho, agás moscas, porque as arñas chegaran antes e espalaran as súas teas coma redes mortais.

Aínda así, a princesa roncaba a gusto, allea ao abandono.

O príncipe pensou no disgusto que levaría a princesa cando espertar e vise aquela casa tan desleixada. Imaxinou que a princesa correra de pequena polos corredores, que gardara nos caixóns as súas cousas secretas, que xogara ás agachadas detrás dos mobles.

Desgraza abonda tiña a malpocada rapaza; mira ti que quedar enfeitizada sen comelo nin bebelo, por unha fada envexosa e amargada, obrigada a durmir cen anos enteiros, sen suar coa calor do verán nin tremer co frío do inverno. Ela, tan feitiña, case non gozara dos bailes nin dos mozos, nin siquiera lle dera tempo a coñecer mundo, non aprendera nin a protestar. A princesa, miña pobre, pouco tiña que contar.

Por iso o príncipe tomou unha resolución heroica. A didir verdade, poucos homes farían lago semellante, so os verdadeiros valentes, os que non lle teñen medo a chorar pola alerxia nin a estragar as súas mans coa lixivia. Quitou a capa, a arma, o cinto, arremangouse, colleu aire, puxo un pano na cabeza e comezou a limpar. Utilizou o rabo do seu cabalo como vasoira, a súa propia capa como pano, cuspiu para darlles brillo aos cristais das ventás, axeonlleuse para que relucisen o chan e as paredes. Coa espada arrincou as arañeiras. Co alento pufo a superficie dos espellos.

O príncipe fregou, esbirrou de tanto po como levantaba nas súas tarifase mentres, cos ollos nadando en vagos cantaba:

Por un bico da dormente.....

Por un bico da soñadora.....

Por un bico.....

So por iso.....

Ai!

Por un bico da miña señora.

E a casa cantaba con el.



Cando a princesa abriu os ollos despois de sentir cóxegas nos labios, viu, entre o escintilar da casa acabadita de limpar, un rapaza co cabelo revolto. Gustoulle a súa pel manchada, a roña das súas unllas, ese descoído na roupa sucia e rota. O mozo sorríalle miraba ao seu redor, satisfeito.

Ela comprendeu a súa enorme fazaña. Ante un príncipe así non é raro que unha princesa sentise o amor por primeira vez.

Paula Carballeira.

Casas (adaptación)

1.- Este texto está inspirado nun conto que xa coñeces. Cal?



Justifica a túa resposta con datos do texto.

2.-Descrbe como estaba a casa da princesa e por que.

3.- Explica

-Cal foi a resolución heroica que tomou o príncipe e por que decidiu facer iso.

- Para que utilizou a capa e a espada?

4.- Elabora un pequeno resumo do texto seguindo este esquema:

-Opríncipe chegou á casa da princesa e.....

Daquela decidiu.....

Ao final.....